

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DO DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2020

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Preguntas do PP

1ª De cara ao mellor cumprimento dos prazos normativamente previstos para a elaboración, redacción e aprobación dos orzamentos municipais, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira competente na área económica sobre o estado no que se atopa a redacción do documento orzamentario municipal, así como as datas para a súa aprobación.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que se está traballando no documento e que a previsión é traelo a pleno no mes de decembro.

2ª Téndose dado termo ao presunto procedemento de participación cidadá na elaboración dos orzamentos, denominado “Decidámolo Xuntos”, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta á concelleira competente en materia económica:

- Sistemática utilizada no dito proceso.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que o sistema utilizado no proceso consta de catro fases.

Unha primeira de apertura de propostas veciñais; unha segunda de valoración desas propostas por parte do persoal municipal segundo os criterios que aparecen no manual de valoración que está publicado na páxina web do Concello; unha terceira fase de votación popular; e unha fase final de escrutinio da votación popular e publicación das propostas con máis puntuación.

3ª Existencia de informes ou estudos que avalíen a inclusión ou descarte das peticións veciñais nos orzamentos municipais.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que a inclusión ou descarte das peticións veciñais faise de acordo coa *planilla* de baremación que se describe no manual de valoración do proceso. Unha vez rematado todo o proceso do “Decidámolo Xuntos” vanse publicar todos estes datos.

4ª Téndose publicado nos últimos días polo Goberno municipal de Cambre a aceptación e inclusión nos orzamentos municipais de tres propostas veciñais, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase por:

- O número de solicitudes recibidas ao respecto.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que o número de propostas feitas polos veciños foron 401.

5ª Identificación da persoa ou persoas que decidiron a aceptación das tres actuacións ou incluso máis que, segundo parece, van ser incluídas no orzamento municipal.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que a mesa de valoración estivo formada por persoal técnico dos departamentos de Servizos, Urbanismo, Intervención e Alcaldía-Participación Cidadá.

6ª Á vista de que se refire que as propostas gañadoras contan coa mellor valoración técnica, pregúntase: Existe informe técnico municipal que avalíe a contrución dun teatro no Temple na localización que actualmente ocupa a piscina?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que aínda non existe ningún informe técnico, polo de agora simplemente hai unha valoración positiva da mesa técnica a esa proposta.

Preguntas de AV

1ª Nas últimas peticións que este grupo municipal solicitou co fin de mellorar diferentes puntos no municipio, a contestación que estamos a ter é que a grande elevada carga de traballo que está a soportar a brigada de obras e a grande cantidade de traballo que a brigada ten pendente fai que non se poidan abordar inmediatamente.

Hai algunha previsión para reforzar o equipo de traballadores da brigada de obras?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que si, e que de feito dende principios deste mes xa se reforzou a brigada con tres novos operarios para un período de tres meses por acumulación de tarefas.

2ª Na petición que dende Alternativa fixemos para o mantemento do parque na finca Concheiras, contestóusenos que se está a elaborar un prego de mantemento de zonas verdes. Poden ampliar información sobre as súas características.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que non poden adiantar nada máis, porque aínda se está a traballar no prego técnico.

3ª A principios de ano saíu unha noticia que anunciaba a chegada de internet de alta velocidade a través de fibra óptica a nove parroquias.

Alternativa recibiu varias queixas nese senso coa chegada do teletraballo.

Solicitamos información concisa de como está o proceso de instalación da rede de alta velocidade.

O señor alcalde contesta que mantiveron unha videoconferencia coa coordinadora do despregue en Galicia e Asturias e dixo que teñen previsto acabar o 31 de decembro de 2021 nunha serie de parroquias, segundo un documento que lles facilitou e que lles fará chegar a todos. A idea é estar por riba do 90% de cobertura con fibra en decembro de 2021 nesas zonas.

Dona María Jesús González Roel, do PP, pregunta se non poderían chegar a Altamira, xa que se trata dun núcleo de poboación importante.

O señor alcalde contesta que o preguntará.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVICIOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE,
MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP

1º Veciños da parroquia do Temple amósannos as súas queixas ante a existencia dun cadro de instalación eléctrica apegado a unha árbore no parque Ramón Barba. Lugar que, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, non parece nin o báculo nin a instalación máis idóneos, non só polos danos que poidan causarse á árbore e á súa contorna, senón tamén polo perigo que aparelha en caso de incendio.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se interese do concelleiro competente que se busque outra solución para a dita instalación eléctrica.

O señor alcalde informa de que pensa que xa está retirado.

Don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE, confirma que foi retirado este venres, non, o anterior.

Don Juan María Abalo Castex manifesta que a foto está sacada de hai unha semana.

O señor alcalde di que irán velo e contestaranlle mañá.

2º Como noutras ocasións en distintos lugares do noso municipio, veciños da parroquia de Brexo amósannos as súas queixas polo estado no que se atopa o parque infantil existente xunto á igrexa de San Paio de Brexo, do que se achega fotografía xunto co presente rogo.

Neste caso interésase a instalación dun bambán, a conservación e adecuación dos xa instalados, así como a mellora do solo existente na dita instalación.

O señor alcalde informa que está incluído na reparación de varios parques. Contestará a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá.

3º Non é a primeira vez que dende o Grupo Municipal Popular se puxo en coñecemento do Goberno local o deficiente estado no que se atopa a calzada do tránsito rodado do paseo marítimo do Temple, especialmente no primeiro tramo do límite co termo municipal de Oleiros, onde son varias as fochancas que dificultan o tránsito, así como a grava dispersa pola calzada, tal e como se aprecia na fotografía que se achega.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se interese que polo concelleiro competente se adopten as medidas que sexan necesarias para o seu correcto asfaltado.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Obras, contesta que se trata dunha obra que pertence ao POS+ 2020 da Deputación Provincial. Está contratado e agardan que a semana próxima empecen as obras.

4º Tendo solicitado nos dous últimos meses a colocación de carteis anunciadores, entre outro lugares nos parques biosaudables do noso municipio, por medio dos que se informara aos seus usuarios sobre a mellor utilización dos seus elementos para evitar contaxios nestes tempos de pandemia, estes seguen sen ser colocados.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se interese ao equipo de goberno que se coloquen á maior brevidade posible.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, acepta o rogo, e di que colocarán tamén os carteis coas novas restricións da Xunta.

5º Ante a ata o de agora negativa do Goberno local a sinalizar correctamente non só os parques biosaudables senón tamén os xogos e bambáns existentes nos nosos parques e xardíns, dende o Grupo Municipal Popular se interesa que, polo concelleiro competente se desinfecten diariamente.

Contestará a concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá por escrito.

6º Unha vez máis, os farois do paseo marítimo do Temple volven amosar varios dos seus elementos torcidos e con risco de caída ou con fallos nas luminarias, que non acenden ao escurecer.

Por iso, dende o Grupo Municipal Popular, se interesa se revisen os farois existentes no paseo marítimo do Temple e se proceda á súa reparación e/ou correcta instalación.

O señor alcalde contesta que se atende o rogo, aínda que contestará por escrito a concelleira da Área de Servizos e Seguridade Cidadá.

Rogo de AV

Único. Varios veciños e veciñas do Temple puxéronse en contacto con nós para poñer en coñecemento a súa preocupación pola construción dun pub na rúa Tapia nº 1. Fálannos de supostas irregularidades para dar cumprimento á normativa de locais deste tipo que presentaron reiteradas veces ao Concello polo Rexistro municipal.

Polo que dende Alternativa rogamos que se contacte con este grupo de veciños e se lles explique detidamente a situación.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non hai problema en contactar cos veciños.

Di que é certo que houbo solicitudes sobre este tema, concretamente o 26 de novembro de 2019 a comunidade de propietarios do nº 2 da rúa Tapia solicitou que se repuxera a legalidade por parte do concello, tomando as medidas correctoras oportunas nos locais en funcionamento, e que se denegara a licenza a un novo local. Déuselles contestación o 28 de febreiro de 2020. Como os veciños non estaban de acordo houbo dúas inspeccións ás obras en abril e xuño deste ano, e o día 23 de xuño de 2020 púxose a disposición do voceiro de AV o expediente de comunicación previa de obras de acondicionamento do local en cuestión.

Conclúe dicindo que a cuestión está clara, os veciños non están de acordo cos informes técnicos.

Preguntas do PP

1ª No último mes foron constantes e xeneralizadas as protestas veciñais centradas na turbidez da auga “potable” subministrada aos fogares no noso municipio, sobre todo nas parroquias de Cambre e O Temple.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte sobre:

- Os motivos que provocaron este problema no noso municipio.

Contestará a concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá por escrito.

2ª Xestións levadas a cabo para resolvelos.

Contestará a concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá por escrito.

3ª Posibilidade de reiteración, tal e como está ocorrendo nos últimos tempos.

Contestará a concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá por escrito.

4ª Á vista da reunión mantida este luns 19 de outubro entre o Sr. alcalde de Cambre e o delegado territorial da Xunta de Galicia na Coruña, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo alcalde de Cambre se informe sobre o resultado da dita reunión.

O señor alcalde explica que foi unha reunión de toma de contacto con Gonzalo Trenor, e se lle puxeron sobre a mesa varios asuntos que levan tempo enquistados. Foi unha reunión cordial, o delegado territorial quedou en reunirse coa conselleira, ver como estaban eses asuntos e despois informarlles.

A lista de asuntos que lle levaron foi a seguinte:

- Senda ciclista A Casilla
- Senda na AC-221, dende o cruzamento de Catro Camiños ata Apeadeiro
- Senda na AC-214, dende o cruzamento de Catro Camiños ata A Mota
- Proposta de reordenación do tráfico nas rotondas do Paraugas e da AP-9 no Temple, AC-211, para reconversión en turborotondas
- Proxecto de seguridade viaria no cruzamento da Pena, na AC-400 e AC-214 coa N-550
- A renovación do colector de saneamento da Gándara
- O tema do depósito de auga en Monte Castro (Oleiros)
- A glorieta en Cambre, da AC-214 coa DP-1704
- O viario 11-17
- O protocolo Covid nos colexios
- O reforzo da asistencia telefónica nos centros de saúde

5ª A semana pasada, co tradicional despregue mediático a que nos ten acostumado o executivo local , o Goberno de Cambre publicou a aceptación de inclusión nos orzamentos municipais a proposta veciñal de eliminar a piscina do Temple para construír un teatro. Á vista da dita aceptación, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta por:

- Metros de ocupación previstos sobre o terreo do actual parque Ramón Barba do Temple (cabida), da nova infraestrutura que se prevé construír.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que se trata de levar a cabo a ordenación do parque Ramón Barba. Haberá un espazo multiusos ao eliminar o espazo non funcional que ocupa a piscina. Di que o exemplo o teñen no parque de Cambre, será un espazo multifuncional que pasará de ser un ben de servizo público a un uso público.

Di que se procurará que teña a capacidade para as xornadas de jazz no verán e o que sexa necesario.

6ª Cantas árbores das actualmente existentes (algunhas delas de gran volume) terán que se talladas para a construción comprometida dun teatro na contorna da piscina do Temple?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non se tallará ningún, daranse forma. Outra cuestión é que se leve a cabo un estudo dos que hai, pero sen máis non se tallará ningunha árbore.

O señor alcalde engade que se está a facer un estudo de todo o parque Ramón Barba, que será o que determine cales son os que non teñen valor ou hai que tallar porque estean en mal estado, etc.

Pregunta de AV

Única. Estes días saíu en prensa o descenso da criminalidade no concello. Tendo en conta a problemática de vandalismo xuvenil que xa se ten falado tanto en comisións como en plenos, dende Alternativa dos Veciños preguntamos se coa “nova normalidade” se veu incrementada ou diminuída esta problemática.

O señor alcalde contesta que se viu reducido bastante, o único punto destacable foi a desaparición dun dos dispensadores de hidroxel, que parece ser que o levaron os rapaces. O índice de criminalidade baixou na área metropolitana, e máis en Cambre.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogo de AV

Único. No mes de agosto a prensa fixo eco da noticia de que a Fundación Wenceslao se declara incapaz de asumir o custo da Vila Florentina e que lles urxe axuda. Na mesma noticia afírmase que o Concello de Cambre está a negociar dende o pasado mandato coa Deputación Provincial da Coruña a cesión da Vila Florentina, pero que aínda non hai acordo.

Rogamos se tomen as medidas e acordos pertinentes para colaborar na situación da fundación.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que non hai acordo. O 17 de outubro foron convocados para acudir á Deputación, tanto membros da Fundación Wenceslao, como el mesmo e a concelleira con delegación do servizo de Cultura, e reuníronse con técnicos da Deputación, o de Turismo e o de Patrimonio.

Foi unha toma de contacto para ver os problemas existentes. Quedaron en celebrar outra reunión en 15 ou 20 días, na que virán coa proposta e eles terán que estudala.

Preguntas do PP

1ª A semana pasada, co tradicional despregue mediático a que nos ten acostumado o executivo local, o Goberno de Cambre publicou a aceptación de inclusión nos orzamentos municipais da proposta veciñal de eliminar a piscina do Temple para construír un teatro.

Á vista da dita aceptación, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase por:

- Aforo previsto para o teatro que se pretende construír no Temple.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que se trata dunha petición popular, non hai proxecto, polo que a día de hoxe non se pode coñecer cal vai ser o aforo da citada instalación.

2ª Comparativa da dita nova infraestrutura prevista en substitución da piscina do Temple en metros e aforo coas salas e/ou auditorios existentes no Centro Sociocultural do Graxal, a nova Casa da Cultura de Cambre e a Sociedade La Juventud de Cecebre.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que como non hai proxecto non lles pode facilitar estes datos. Cando estea o proxecto poderase ver.

Preguntas do AV

1ª Son varias as queixas da veciñanza pola problemática existente de vandalismo xuvenil. Aínda que dende a área de Seguridade Cidadán confirmaron hai uns meses que están a facer reforzo para previr este tipo de situacións, que outras medidas se están a tomar dende os departamentos “sociais”? (Xuventude, Servizos Sociais, Deportes, Cultura ou Educación).

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que como ben se di na pregunta, as medidas específicas para abordar a problemática do vandalismo ten que partir do departamento de Seguridade Cidadá, que é o que ten as competencias propias.

Explica que nas demais áreas ou departamentos “sociais” o que se fan son actividades e programas de índole normalizador non estigmatizador. Con isto quere dicir que esas actividades ou programas teñen un obxectivo común, dependendo do departamento do que partan, onde teñen cabida todos e todas as veciñas de Cambre que cumpran cos requisitos xerais.

É verdade que máis nuns programas que outros, poden atoparse con algunha persoa usuaria que teña algunhas actitudes, problemáticas ou necesidades que leven consigo a un tratamento máis individualizado, como no programa de educación familiar, proxecto Prisma, proxecto Píllara, campañas máis específicas en colaboración entre distintos departamentos, como no caso de Xuventude e Policía Local contra os grafiteiros ilegais, etc.

Conclúe dicindo que en todos e cada un deles se traballa, potencia e foméntase a normalización, coa busca activa de traballo, a volta dos estudos, reorientar as capacidades e aptitudes para unha mellora na súa calidade de vida ou ocupación do seu tempo de lecer.

2ª Segundo o rogo realizado para solicitar medidas e acordos para impulsar a situación da Fundación Wenceslao, Alternativa quere preguntar en que punto se atopan as negociacións coa Deputación.

Dona Sandra Sánchez Vieites, concelleira de AV, dá por contestada a pregunta.